



## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS SELECCIONADAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO 2024 (1º PRAZO)

O 6 de outubro de 2023 publicouse a resolución reitoral da convocatoria de bolsas Erasmus+ para a participación do persoal docente e investigador con docencia no ano 2024. Despois de publicar o 28 de decembro a resolución reitoral coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e de acordo co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, esta Reitoría

### RESOLVE:

- Publicar a listaxe definitiva de persoas seleccionadas no anexo I. (1º prazo)

Todas as persoas beneficiarias deberán **manter a relación contractual** coa Universidade de Vigo no momento de realizar a estadía.

Segundo as obrigas establecidas nas bases da convocatoria, as persoas seleccionadas deberán entregar na Oficina de Relacións Internacionais (ORI):

### Antes da súa partida:

- Copia do permiso correspondente solicitado no seu departamento. Deberá enviarse a [practicas.ori@uvigo.gal](mailto:practicas.ori@uvigo.gal).
- **Acordo de mobilidade** (*Mobility agreement*) asinado por todas as partes. As datas das sinaturas deberán ser anteriores á realización da estadía. Deberá enviarse a [practicas.ori@uvigo.gal](mailto:practicas.ori@uvigo.gal).
- **Convenio asinado de subvención** entre a Universidade de Vigo e a persoa docente seleccionada, documento que lle será remitido pola ORI.
- Copia, no caso de estadias en países non asociados ao programa, dun **seguro de asistencia en viaxes** que deberá tramitar e aboar, que cubra o período completo de estadía e os días de viaxe. Deberá incluír gastos médicos e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación.
- Copia da Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro de asistencia en viaxe.

### Despois da realización da estadía:

- Certificado orixinal de realización de estadía, asinado con data **igual ou posterior** ao último día de realización da estadía. Deberá enviarse a [practicas.ori@uvigo.gal](mailto:practicas.ori@uvigo.gal).
- Relación dos gastos da viaxe para xustificar os días de viaxe adicionais aos días de estadía certificados.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- No caso de ter solicitada a axuda de viaxe ecolóxica, a persoa beneficiaria deberá presentar unha declaración xurada de ter realizada unha viaxe ecolóxica que deberá presentar na ORI acompañada dos xustificantes.
- Enquisa UE (*EU Survey*). Deberán cubri-la en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para facelo, e enviar o xustificante a [practicas.ori@uvigo.gal](mailto:practicas.ori@uvigo.gal). No caso de non facelo, a Universidade de Vigo poderá requirir-lles o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida.

Os documentos para antes e despois da estadía, poderán descargarse no portal de bolsas:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1213>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O REITOR,  
Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)  
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño